

Xoán espallando o galego

Xoán, un rapaz de 17 anos, naceu e vivía en Galicia, nunha fermosa vila chamada Nigrán. Aínda que era galego, sempre falaba en castelán, ata que un día decidiu cambiar ao galego; tiña a sorte de que toda a súa familia falaba en galego, polo que foi moi doado para el aprender. Nestes tempos, moita xente desprecia aos que falan a lingua galega, así que case non ten amigos.

Na súa casa está coa súa curmá Carlota, que ten 32 anos; vive tamén coa nai e coa avoa, o seu pai morrera hai 3 anos.

Seguramente pensarás que el está moi triste, pero en realidade está moi feliz; non ten amigos, e a súa curmá non lle presta atención, pero igualmente está contento xogando só.

Un día, decidiu marchar de Galicia: quería novos amigos, ademais, desexaba espallar por todo o mundo a lingua galega. Parecíalle tan bonita esa lingua que lle daban pena as persoas que non a coñecían.

Tokio.

O seu primeiro lugar foi Tokio, en Xapón; foi moi difícil convencer aos tokiotas de que tiñan que aprender galego e de que era un idioma fermosísimo. Tamén era moi difícil comunicarse cos xaponeses, porque claro, os xaponeses falan en xaponés, e el en inglés, galego e castelán. Xa que estaba alí, aproveitou e tomou uns aperitivos antes de marchar no avión.

Pekín.

O segundo sitio foi Pekín, a xigantesca capital de China; alí pasouno moi ben: a xente era amable, boa, estaban de bo humor... e os 21,54 millóns de pekineses tratábanlle ben. Despois de ensinalles a unhas 100 persoas o galego, decidiu ir ao zoo: alí había pandas, pangolíns, patos, pavos reais, pandas vermellos, tigres brancos, hipopótamos, cebras, xirafas...

- Cantos animais tan bonitos! Verdade, Paola?- comentou Xoán.

- Claro que si -contestou Paola- son fermosísimos!

Paola, una nena de 16 anos, estaba de viaxe en Pekín; ela tamén era galega, e quería viaxar polo mundo. Xoán coñeceu a Paola indo cara o zoo, ela estaba na sección dos carnívoros, nese momento, chegou Xoan:

- Ola...- dixo o rapaz con vergoña- Eu chámome Xoán, e ti?

- Eu chámome Paola, encantada de coñecerte!- díxolle Paola dándolle a man a Xoán.

Xoán foi perdendo vergoña pouco a pouco; ían falando, explicando como era a súa vida... e cando el lle dixo a Paola que non tiña amigos, Paola respondeulle:

- Oh!, que pena, se queres podo ser a túa amiga; viaxaremos xuntos, investigaremos xuntos... Que che parece? Seremos os mellores amigos do mundo!!

- Que alegría! Eu sempre quixen ter amig@s! Grazas Paola- dixo Xoán.

- De nada, Xoán!- contestou Paola -Mira, eu teño una amiga en Bogotá, queres coñecela?

-Si... pero Paola, eu quero ir a Lima, parece un sitio xenial.

- Pero é que hai tempo que non vexo á miña amiga Xiana. Ela e taekwondista e ten agora mesmo cinturón "azul-vermello".

Agora mesmo, no presente, Paola e Xoan estaban un pouco disgustados:

- Non Paola, podemos ir primeiro a Lima, en Perú!.

- Pero Xoán, é mellor ir primeiro a Bogotá, en Colombia; logo iremos a Lima.

-Vale... iremos a Bogotá, PERO LOGO A LIMA!!- dixo Xoán un pouco canso xa da discusión.

Bogotá.

En Bogotá, Xoán e Paola estaban impresionados de todos os edificios e vivendas que ten, hai aproximadamente 36.000 conxuntos residenciais!!

-Cantos edificios e vivendas!!- comentou Paola.

-Si! Certo- dixo Xoán.

Non estiveron moito tempo alí, todas as persoas eran desagradables, e tratábanles mal.

-Isto é un inferno! Non nos deixan facer nada!- explicou Paola.

-Si! Ademais vai moito frío! Imos a Lima?- preguntou Xoán.

-Claro! Que crías que ía dicir?- contestou Paola.

Lima.

-Por fin, este sitio é máis tranquilo, non Xoán?

-Si.

A Paola e a Xoán gustábanlle un montón ese sitio así que decidiron quedarse 4 anos, 7 meses e 2 días; daquela alugaron un hotel barato pero bo. Un día vendo a televisión...:

"Os rusos están atacando Ucraína, a guerra empezou esta mañá ás oito e media; xa morreron máis de 4.000 persoas, entre eles, rusos! Nós non podemos facer nada, esperamos que acabe pronto esta gerra porque..."

- Paola, están atacando Ucraína! Temos que salvar os Ucrucianos!!- berrou Xoán.

- Pero nós non podemos facer nada, so somos rapaces. Que imos facer? E como chegaremos a Ucraína? –lamentábase Paola.

- Iso dígocho eu: primeiro colleremos un taxi ata Brasil, o que nos duraría unhas... 7 horas ou así; despois alugaremos un barco para navegar e navegar e navegar ata España, en Galicia, en Nigrán, e nos quedaremos a durmir na miña casa; ao día seguinte, pola mañá, direille á miña nai que nos leve ata Vigo, no aeroporto, e colleremos un avión ata Polonia, que tardaría unhas 2 horas e 30 minutos ou así; e despois...-

- Espera, espera, espera; en total, canto tempo nos levaría chegar a Polonia?- Comentou Paola.

- Pois case dous días – contestou Xoán.

- Dous días!? Ti estas tolo Xoán?. Iso e moito tempo!

- Pois entón temos que ir marchando xa, vamos!

Correron e correron ata que deron cun taxi; entón conduciron e conduciron ata chegar a Brasil, decidiron comer nun restaurante, só unha comidilla rápida (patatillas, tortilla e auga); despois alugaron o barco, e navegaron case 8 horas ata chegar a Nigrán, chegaron moooooii cansos e foron durmir; ao día seguinte Xoán suplicoulle á súa nai que lles levase a Vigo:

- Mamá, podemos ir Paola e máis eu a Vigo?- preguntoulle Xoán á súa nai.

- Si, claro, por suposto- contestou Graciela (nai de Xoán).

- Grazas mamá! Pero... podes levarnos ti?

- Vale.

Graciela levou a Xoán e a Paola a Vigo e colleron o avión, canta sorte tiveron de que Graciela lles deixase ir sos no avión!

- Xoán, canto tempo levamos xa?

- Pois xusto 9 horas 30 minutos e 54 segundos.

- Mira Xoán! Xa vexo terra!- dixo Paola.

- Si, é certo- contestou Xoán.

Cando Xoán e Paola chegaron a Polonia, observaron a fronteira con Ucraína; estaba todo arrasado. Non sabían que facer, dáballes pánico entrar nese país en guerra; logo duns minutos, colleron valor e entraron. Escoitaron unha bomba e foi nese momento cando uns soldados ucraínos lles dixeron:

- Que facedes vós aquí! Nos vos decatades do perigoso que é?

Eles quedaron calados uns segundos, ata que de súpeto ...

Plaf! Plaf! Plaf! Tres disparos mataron aos soldados e Xoán e Paola agardan outra historia...

"As Tanxugueiras nigranesas"